



Maio do 2025

DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO

A sociedade patriarcal organiza a distribución do traballo e dos coidados segundo os roles de xénero: partindo da construción social estereotipada dos roles produtivo e reprodutivo, asígnalles aos homes o espazo público (onde se desenvolve o traballo produtivo) e ás mulleres o espazo privado (onde se desenvolve o traballo reprodutivo). A interiorización destes roles é tal que se considera que corresponden, en realidade, á natureza e capacidades de mulleres e de homes. Ademais, ao reprodutivo atribúeselle unha valoración social inferior, e isto implica que esa división sexual do traballo se traduza nunhas relacións xerárquicas de poder e, polo tanto, en desigualdade.

Daquela, o traballo doméstico e de coidados asignado ás mulleres vén carecendo de recoñecemento e de visibilidade, amais de estar moi mal pagado e ser precario porque se consideraba que era obriga das mulleres e non era ou sería, polo tanto, un traballo remunerado.

A desvalorización do traballo realizado polas mulleres desprázase ao espazo público e ao mercado laboral; en consecuencia, este traballo é o máis precario e con inferior remuneración. Ademais, a incorporación ao mundo laboral público non implica que deixen de cargar cos traballos domésticos e de coidados, o cal se traduce en dobre xornada de traballo (ou *dobre presenza*).

SEGREGACIÓN HORIZONTAL

A segregación do traballo por razón de xénero supón que as mulleres e os homes teñan un acceso diferencial aos postos de traballo, ás ocupacións e á formación universitaria, xeralmente baseado nos nesgos de xénero.

Consiste na inserción das mulleres no mercado de traballo en determinados sectores ou ocupacións asociados ás características da feminidade (coidados, empatía, debilidade, etc.) e menos valorados socialmente; ou na concentración de homes nos sectores ocupacionais asociados coa masculinidade, obedecendo ao mandato de xénero baseado nos nesgos e estereotipos de xénero. Un exemplo sería a profesión de coidadora ou interna de fogares, que está feminizada. Pola contra, no sector da construción, que está moi masculinizado, é máis complicado que acceda unha muller.

Por exemplo, o sector dos servizos acumula máis mulleres, mentres que o industrial conta con máis homes, en xeral. Isto acontece tamén no campo académico, e atopámonos así con formacións feminizadas (como as das áreas das ciencias sociais) e outras masculinizadas (a arquitectura ou as enxeñerías).

SEGREGACIÓN VERTICAL

Supón a concentración de mulleres ou de homes en determinados lugares de traballo, dentro dos diferentes niveis xerárquicos (tanto nas empresas como nas universidades ou nos centros

Co financiamento de:

de investigación). Dentro de cada sector, agrúpanse as mulleres en determinados postos ou categorías profesionais que comportan menor grao de responsabilidade na xerarquía ocupacional.

Así, nesta segregación ocorre que as mulleres acceden con moita maior dificultade aos postos de responsabilidade, como poden ser, no eido da investigación, as xefaturas de departamentos ou equipos.

CURRÍCULO OCULTO

Trátase dun compendio de normas, costumes e crenzas que van alén do que se establece nos currículos das distintas etapas educativas; non se centra na transmisión de contidos establecidos e marcados polas leis educativas, senón que se relaciona coa propia sociedade, as súas normas e valores, pero tamén co desenvolvemento persoal do alumnado. Isto é o que o converte nunha fonte de reprodución dos estereotipos de xénero e por iso é importante prestar especial atención á súa transmisión, pois resulta evidente que na base deste currículo atoparemos, entre outros, os nesgos de xénero.